



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL CARRAL

Aprobación, exposición pública e posta ao cobro de padrón auga-sumidoiros-depuración- canon da auga 4º trimestre 2025

ANUNCIO

APROBACIÓN, EXPOSICIÓN PÚBLICA E POSTA AO COBRO DE PADRÓN AUGA-SUMIDOIROS-DEPURACIÓN- CANON DA AUGA 4º TRIMESTRE 2025

Expediente TEDEC: 2025/X999/000055

Por resolución ditada en data 23 de febreiro de 2026, Decreto nº 74/2026, o Sr. Alcalde resolveu :

PRIMEIRO.-Aprobar o padrón da taxa de auga- sumidoiros do Concello de Carral correspondente ao cuarto trimestre do 2025 (outubro, novembro e decembro do 2025), co seguinte resumo:

CONCEPTO		Nº CLIENTES (contratos)	CONSUMO, m³		IMPORTE, euros	
			medido	a facturar	base	iva
ABASTECIMIENTO	NO DOMÉSTICO	324	15.295	15.696	16.135,14	1.613,03
	DOMÉSTICO	2.743	56.497	57.205	49.048,41	4.902,20
	OBRAS	22	709	709	716,22	71,60
	AYUNTAMIENTOS	3	19.153	18.368	5.192,64	519,26
TOTALES		3.092	91.654	91.978	71.092,41	7.106,09
ALCANTARILLADO	NO DOMÉSTICO	193	11.103	11.222	1.346,64	134,58
	DOMÉSTICO	2.054	43.165	43.419	5.153,50	514,46
	OBRAS	17	585	585	70,20	7,01
	HOSTELERIA	25	1.370	1.450	174,00	17,40
TOTALES (solo alcant)		2.289	56.223	56.676	6.744,34	673,45
DEPURACIÓN	NO DOMÉSTICO	231	11.117	11.222	7.148,13	715,42
	DOMÉSTICO	2.086	43.098	43.352	16.023,26	1.607,33
	OBRAS	17	585	585	398,99	39,93
	HOSTELERIA	28	1.370	1.450	879,07	87,98
TOTALES (solo depurac)		2.362	56.170	56.609	24.449,45	2.450,66
CANON DEL AGUA		3.089	72.486	73.595	23.155,96	--
ALQUILER DE CONTADOR		2.363	--	--	4.062,84	861,36

SEGUNDO.- Expoñer ao público o devandito padrón, por prazo de quince días desde o día seguinte á correspondente publicación no boletín oficial da provincia, nas dependencias municipais, nas oficinas de EMALCSA en Carral (Costa do Pincho, 40-42) e na Coruña (Rúa Manuel Murguía s/n- Casa da Auga).

Esta publicación, servirá de notificación colectiva a tódolos contribuíntes, nos termos establecidos no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria. As persoas interesadas poderán examinar as liquidacións e presentar reclamacións durante un período de quince días, contados a partir da data de inicio do cobramento da referida taxa, nas dependencias sinaladas e no teléfono de Atención ao Cliente (981242322).

TERCEIRO.- Aprobala liquidacións que figuran no citado padrón dos abonados que constan no expediente desde A Taberna XXI S.L. ata Zarbo Varela, Rosario Valeria, polo importe global de 140.596,56 € (117.440,60 € de liquidacións -abastecemento, sumidoiros, depuración e alugueiro contadores- e 23.230,68 € de canon de Augas de Galicia, descontadas as bonificacións -74,72 €-).

CUARTO.- Contra as liquidacións incorporadas ao Padrón, tódolos interesados poderán interpor RECURSO DE REPOSICIÓN ante esta Alcaldía, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no prazo DUN MES contado desde o día seguinte ó remate da exposición ó público do Padrón. A interposición do recurso non suspende a eficacia das liquidacións correspondentes, agás que se solicite a suspensión e se presente garantía nos termos establecidos no apartado i) do precepto anteriormente mencionado. O recurso entenderase desestimado se non se resolve expresamente no prazo dun mes desde a súa interposición. Contra a desestimación do recurso poderase interpor RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co disposto nos artigos 8, 9 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, no prazo de dous meses desde a notificación da resolución expresa ou de seis meses desde que se produza a desestimación presunta, tal como establece o artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se estime conveniente. Así mesmo, a repercusión do canon de auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes desde que se entenda producida a notificación.

QUINTO.- Que se poñan ao cobro os recibos correspondentes a tales liquidacións. O período voluntario de cobro será de dous meses desde o día seguinte á publicación no boletín oficial da provincia -BOP- do citado edicto. Transcorrido este prazo iniciárase o período executivo e a débeda resultante esixírase polo procedemento de prema e devengarase os correspondentes xuros do período executivo, os xuros de demora e, no seu caso, as costas que se produzan. Así mesmo, a falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga directamente ó contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

O sistema de domiciliación bancaria, segundo os datos facilitados polos suxeitos pasivos que obran nesta Administración e que foron entregados a EMALCSA, S.A.. Por razóns de eficacia administrativa e co fin de evitalles desprazamentos e esperas innecesarias ás persoas contribuíntes, este sistema será considerado coma preferente. Os recibos domiciliados serán remitidos ás correspondentes contas bancarias a partires do día 4 de marzo de 2026.

Nas dependencias de EMALCSA en Carral ou na Coruña ou no número de conta que EMALCSA habilitou ao efecto: ABANCA IBAN ES63 2080 0002 6130 4000 1747 .

Para os efectos de lograr unha maior eficacia na prestación destes servizos prégase a todas as persoas usuarias que, en caso de detectaren algunha anomalía ou erro nos seus datos identificativos de titularidade, enderezo ou conta corrente, se poñan en contacto con EMALCSA á fin de que se poida proceder á rectificación dela.

SEXTO.- Comunicarlle este decreto a EMALCSA.

Concello de Carral, 23 de febreiro de 2026

O alcalde

José Luis Fernández Mouriño

2026/1118